

Luns, 22 de maio de 2017

Núm. 96

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**VIGO**

**Contratos administrativos**

*CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE SOPORTE TÉCNICO E FORMACIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO EDUSI – VIGO VERTICAL–COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)*

**1. Entidade que adxudica:**

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Fomento. Nº expediente: 4493-440.

**2. Obxecto do contrato:**

A realización de tarefas de soporte técnico e formación aos departamentos implicados na xestión do proxecto EDUSI VIGO VERTICAL para o proceso inicial de posta en marcha do mesmo.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 6 meses. Prórroga: non.

**3. Tramitación e procedemento:**

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

**4. Presuposto base:**

198.000.- euros. IVE a soportar pola Administración: 41.580.- euros. Orzamento total: 239.580.- euros.

Este proxecto é susceptible de cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

**5. Garantías esixidas:**

a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: si, (por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente)

Código seguro de verificación: MJDIV5DOGJ107HWC



Luns, 22 de maio de 2017

Núm. 96

**6. Obtención da documentación e información:**

www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

**7. Requisitos específicos do contratista:**

a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), que con que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Serán traballos de igual ou similar natureza os relativos á redacción de proxectos de obras de construción de obra civil e edificación. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

**8. Presentación de Ofertas:**

Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: Si.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

**9. Apertura Ofertas técnica e económica:**

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.



Luns, 22 de maio de 2017

Núm. 96

**10. Páxina web para obtención de información:**

[www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, 15 de maio de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Código seguro de verificación: MJDIV5D0GJ107HMC

